



FEDERACION GALEGA  
DE AUTOMOBILISMO  
E-Mail: fga@fga.es  
http://www.fga.es  
Tlfno: 988 272 841 - Fax: 988 271 461  
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino  
32001 OURENSE



PREMIO R.G.D. A LA PREVENCIÓN DE  
LOS ACCIDENTES DEPORTIVOS 2004



DEPORTE  
GALEGO



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

Comunicado nº 121/10

27 de xullo de 2010

### ☐ AVISO URXENTE.

Ante a insistencia do comité organizador, e da escudería organizadora (Escudería Bergantiños Motor), do **“2º AUTOCROSS DE BERGANTIÑOS”** de celebralo o vindeiro 31 de xullo de 2010, a pesar da **falla de permiso e autorización administrativa** da Delegación Provincial da Xunta de Galicia (Servizo de Interior e Administración Local); e ó non ser visada pola Federación Galega de Automobilismo, única competente para autorizar as probas automobilísticas que se desenrolen en Galicia dacordo ó disposto na Lei 11/1997, de 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia, e que desenrola a **competencia exclusiva** que na materia do deporte ostenta a Comunidade Autónoma de conformidade co establecido no artigo 27.22 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Neste sentido pronunciouse o “Comité Galego de Xustiza Deportiva” nas recentes resolucións 6/10, 7/10, 8/10, e 9/10 nas que se afirma que para organizar e celebrar probas de automobilismo en Galicia non basta con dispor do permiso de organización da “Real Federación Española de Automovilismo” se non que sempre é necesario o do organismo competente polo lugar de celebración da proba, isto é, da Federación Galega de Automobilismo, e por tódolo exposto infórmase:

- 1.- Da falla dos seguros, e coberturas de responsabilidade civil de danos a terceiros, e de danos propios dos pilotos, ó selo evento deportivo a tódolos efectos **ilegal**.
- 2.- As responsabilidades, a que houber lugar, son compartidas por organizadores, participantes, e concello ó selo titular-proprietario da instalación deportiva.
- 3.- Denunciase do alto risco para o público ó carecela proba de calquera tipo de protección legal, e das medidas de seguridade axeitadas á normativa vixente.
- 4.- Recórdase a todo posuidor de licenza expedida pola Federación Galega de Automobilismo de que lles queda terminantemente prohibido participar en probas ilegais, so risco de emprender contra eles as medidas legais e disciplinarias oportunas.